

DECRETO

ASUNTO: APROBACIÓN BASES ADEL 2017

Visto que este concello resultou beneficiario dunha subvención ó abeiro da orde de 11 de setembro de 2017 da consellería de economía, emprego e industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.(DOGA N° 183 de 26/09/2017) en cuxa solicitude de optou por unha nova contratación resulta necesaria a cobertura urxente deste posto polo procedemento de concurso xustificando esta modalidade pola natureza do posto no marco da convocatoria da subvención que se solicita.

Vista a providencia da Concelleira de Réxime Interno de data 12 de decembro de 2017, na que se propón a aprobación das bases de selección urxente para a provisión temporal dun/ha AEDL.

De conformidade co establecido Decreto da Alcaldía de data 18 de xuño de 2015 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local deste Concello, correspóndelle a este órgano de goberno a aprobación das bases das probas para a selección do persoal .

Non obstante isto, o propio réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado está suxeito a unha convocatoria previa e celebración de sesión, que leva obrigada demora na tramitación dos expedientes orixinando, nalgunhas ocasións, prexuízos aos cidadáns

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto na delegación de competencias de acordo co disposto polo artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2868/1986, de 28 de novembro e, en consecuencia:

APROBAR AS BASES POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN URXENTE DUN/HA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL CON CARÁCTER TEMPORAL PARA PRESTAR SERVICIOS NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS AO ABEIRO DA ORDE DE 11 DE SETEMBRO DE 2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA.

1.- NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública , na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime



Local, Decreto Lexislativo 1/2008, so 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e , supletoriamente , o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e a orde de 11 de setembro de 2017 da consellería de economía, emprego e industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.(DOGA N° 183 de 26/09/2017)

2.- CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección que se aplicará na selección dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local para prestar servizos no Concello de Monforte de Lemos, conforme co previsto nos artigos 14, 15 e 16 da Orde de 11 de setembro de 2017 da consellería de economía, emprego e industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.(DOGA N° 183 de 26/09/2017)

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, sito no Campo de s. Antonio s/n e na páxina web municipal: www.monfortedelemos.es.

3.- RELACIÓN XURÍDICA DO/A TRABALLADOR/A COA ENTIDADE SOLICITANTE.-

O/A traballador/a seleccionado/a, estará vinculado ao Concello de Monforte de Lemos segundo o establecido no artigo 15, da Orde de 11 de setembro de 2017 da consellería de economía, emprego e industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.(DOGA N° 183 de 26/09/2017) mediante contrato laboral temporal a tempo completo, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado definida a obra a realizar no proxecto para o que se pide a subvención.

4.-ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE: OFÉRTASE UNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.-

Os/As interesados/as deberán estar inscritos como desempregados ou como solicitantes de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos/as interesados/as que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Monforte de Lemos.



Se o tramitar dita oferta non se atopan persoas candidatas idóneas, o Concello poderá acudir a outro procedemento de selección , sempre que se garanta o a idoneidade e o cumprimento dos requisitos das persoas candidatas , sen que sexa preciso neste caso a inscrición desas persoas no SEPG.

5.- MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.-

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co emprego que se convoca, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron e certificado de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social acompañada dos contrato/s de traballo inscrito/s no SEPE G (Servizo Público de Emprego Galego) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas do posto e os períodos traballados.
 - No caso de que o aspirante teña prestado servizos neste Concello e desexe que se incorpore de oficio a este proceso selectivo concreto certificado dos servizos prestados por este conforme ás presentes bases debe indicar esta circunstancia no apartado reservado para iso na solicitude e indicar claramente os período/s e posto/s nos que prestou servizos. Noutro caso terá que solicitalo expresamente. De non cumprimentar a solicitude de expedición de oficio e tampouco solicitar o certificado de servizos prestados entenderase que o aspirante se opón a incorporación do certificado de servizos prestados por este ó expediente.
 - Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, máster, etc. nos que deberá constar claramente número de horas e contido formativo e se contén aproveitamento ou non.
 - Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.
 - Certificado de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS/AS ASPIRANTES.-

Os/As aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego á que aspira.



c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral no que houbera estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír o Título que acredite os estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria (artigo 14 da orde xa citada).

No caso de titulacións académicas obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como desempleado ou en mellora de emprego conforme determina o artigo 14 da citada Orde.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.-

7.1 O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da Alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respétase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

7.2 Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

7.3 Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.



A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

8.- PROCESO SELECTIVO.-

O sistema de selección será o de CONCURSO fundamentado pola natureza do posto no marco da convocatoria da subvención que se solicita para o seu financiamento ó abeiro da Orde de 11 de setembro de 2017 da consellería de economía, emprego e industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.(DOGA N° 183 de 26/09/2017)

BAREMO DE MÉRITOS.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

Valorarase a experiencia profesional ata un máximo de 6,00 puntos.

Por cada mes completo de servizo prestado na administración local en postos e/ou función similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,40 puntos.

Por cada mes completo de servizo prestado noutras Administracións Públicas, en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,30 puntos.

Por cada mes completo de servizo prestado na empresa privada en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,25 puntos.



Entenderase por emprego similar aquel que conteña algunha das funcións do emprego que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade.

B) COÑECEMENTOS EXTRAACADÉMICOS ADQUIRIDOS EN CURSOS MONOGRÁFICOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL OU PROXECTOS DE EMPREGO.

Valorarase os coñecementos extraacadémicos ata un máximo de 4,00 puntos.

Os cursos terán que estar relacionados coas funcións a desenvolver e impartidos polo INAP, EGAP, Sindicatos ou calquera outro Centro Oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos pola Corporación.

- Por Máster en desenvolvemento local ou en proxectos de emprego: 2,00 puntos.
- Por cursos monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego 1,00 puntos.
- Por cada curso de máis de 100 horas de duración como mínimo: 0'50 puntos.
- Por cada curso de entre 60 e 99 horas de duración como mínimo: 0'25 puntos.
- Por cada curso de entre 30 e 59 horas de duración como mínimo: 0'15 puntos.
- Por cada curso de entre 10 e 29 horas de duración como mínimo: 0'10 puntos.

C) IDIOMA GALEGO.

A puntuación máxima neste apartado será de 1,00 puntos.

1. Curso CELGA 3 ou equivalente: 0,50 puntos
2. Curso CELGA 4 ou equivalente: 1,00 puntos

Soamente serán válidos os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Se algún dos/das aspirantes acredita máis dun curso de idioma galego, unicamente será valorado o de maior nivel, sen que teña, en ningún caso, carácter acumulativo.

Aqueles/as aspirantes a quen non acrediten posuír o CELGA 4 deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma galego, a proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego - castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora.



De ser necesario realizarse esta proba cualificarase como apto ou non apto tendo carácter eliminatorio.

9.- CUALIFICACION FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN.-

Finalizado o proceso de selección, será seleccionado o/a candidato/a que obtivese a puntuación máis alta. De producirse empate, este resolverase sucesivamente en favor de:

- Mellor puntuación no apartado A).
- Mellor puntuación no apartado B).
- Mellor puntuación no apartado C).
- Máis tempo de servizos na administración local, segundo o acreditado a ese efecto no apartado A).
- Ter o Máster en desenvolvemento local ou en proxectos de emprego do apartado B).

Se aínda persistise o empate, procederíase a facer unha entrevista curricular con quen estivesen nese suposto.

O Tribunal Cualificador non poderá superar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

10.- BOLSA DE TRABAJO.-

O resto de aspirantes, que superasen a fase de concurso, formarán unha bolsa de traballo na orde das puntuacións obtidas polos aspirantes, que sen ser seleccionados, superaran tódalas fases do proceso de selección, coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego.

A duración do contrato será dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación e terá unha duración dun ano e terase que iniciar antes de que finalice o ano natural en curso. Facendo constar que se trata dunha tramitación anticipada de xeito que non se poderá formalizar o contrato ata a aprobación do Orzamento do exercicio 2018 ou as modificacións de crédito necesarias para o compromiso de gasto de ser necesario, e soamente se poderá realizar a contratación en caso de que este Concello sexa beneficiario de dita subvención.

No suposto de que produzan renuncias do/a aspirante seleccionado/a antes da contratación o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.



A non presentación no posto de traballo o día e a hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén a lista antes mencionada.

Acudirase tamén a esta lista cando, iniciada a relación laboral, a persoa contratada deixase de prestar servizos por non superar o período de proba ou cese definitivo ou temporal no desempeño das funcións do emprego que se oferta.

11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.-

Tendo en conta que as/os aspirantes para tomar parte nas probas só precisan manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 6, os/as aspirantes propostos/as para ocupar o emprego convocado achegarán no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos, sito no Campo de S. Antonio s/n e na páxina web municipal: www.monfortedelemos.es (prazo que poderá ampliarse cando o seleccionado acredite que non puideron presentar algún documentos por causas alleas á súa vontade) os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 6 e os documentos acreditativos dos méritos a valorar conforme a estas bases.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal. Nin o Concello nin o Tribunal Seleccionador requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditaranse coa seguinte documentación:

- Os apartados a) e c) mediante fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos lados.
- O apartado e) con copia compulsada do Título Oficial ou no seu defecto resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá acompañarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- O apartado b) deberá acreditarse a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse especificamente en cada convocatoria. Se, non se esixise o anterior requisito, o aspirante deberá achegar Certificado Médico Oficial para o efecto.



- O apartado d) con declaración xurada para o efecto.
- O apartado f) coa acreditación de ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Ademais presentará a fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

12.- PERÍODO DE PROBA.-

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, que pode ser ata 6 meses, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

13.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

Á vista da proposta do Tribunal, e constatado que o aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral mediante a formalización dun contrato temporal a tempo completo, e polo período que dure a subvención concedida.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.-

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

15.- RECURSOS.-

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria e que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Monforte de Lemos, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.



ANEXO II.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO
NA DATA

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EMAIL DE CONTACTO:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- Estar en posesión do título académico de esixido na base cuarta do bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.



e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

f) Ter aboado a taxa por dereitos de exame correspondentes según as bases da convocatoria.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

SEGUNDO: Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello e cursar a pertinente demanda de emprego o servizo público de emprego.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

